

## ***DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS***

### **PRIMEIRA .-** *Taxas pola expedición de precintos de caza maior.*

A tarifa establecida nesta lei que grava a expedición de precintos de caza maior se esixirá a partir do 1 de abril de 2007, data na que se iniciará o subministro destes precintos para ser empregados dende a tempada de caza 2007/2008.

### **SEGUNDA.-** *Taxas pola adaptación á Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados.*

As actuacións que se leven a cabo como consecuencia da necesaria adaptación das entidades aseguradoras, entidades de crédito, sociedades mercantís controladas ou participadas por estas e dos corredores de seguros ou mediadores de reaseguros, persoas físicas ou xurídicas, ao establecido na Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, regulado nas súas disposicións transitorias primeira e segunda, quedarán exentas da tarifa 41 da taxa por servizos administrativos contida no Anexo 1 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **TERCEIRA.-** *Persoal laboral fixo de carácter docente.*

De conformidade co establecido na Disposición transitoria quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o persoal laboral fixo que realice funcións docentes en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que se incorporasen a estes con anterioridade a entrada en vigor da citada lei ou se incorporen durante os tres primeiros anos da súa aplicación, procedentes de centros dependentes de calquera Administración Pública, como consecuencia da integración destes centros na rede de centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, poderán acceder aos corpos docentes a través dunha quenda especial, conforme estableza a convocatoria que se

realizará con esta finalidade. As probas deberán garantir os principios de igualdade, mérito e capacidade, e debe respectarse, en todo caso, o establecido na normativa básica do Estado.

Os procedementos de ingreso a que fai referencia esta disposición só serán aplicables no prazo de tres anos.

**CUARTA.-** *Imposto sobre a renda das persoas físicas.*

Na aplicación das reducións establecidas no artigo 1 da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, acerca do Imposto sobre a renda das persoas físicas, ata que remate o período de declaración do IRPF correspondente ao exercicio 2006, as referencias que se fan á “base imponible total, menos os mínimos persoal e familiar”, entenderanse realizadas á base imponible definida no artigo 15.3 do texto refundido da Lei do IRPF, aprobada polo Real decreto lexislativo 3/2004, de 5 de marzo.

**QUINTA.-** *Imposto sobre sucesións e doazóns.*

Para a aplicación da redución do artigo 53 desta lei ás doazóns devengadas dende o 1 de xaneiro de 2007, e ata que remate o prazo regulamentario de declaración do IRPF correspondente ao exercicio 2007, a referencia que se fai á “base imponible total, menos os mínimos persoal e familiar”, entenderase realizada á base imponible definida no artigo 15.3 do texto Refundido da Lei do IRPF, aprobada polo Real decreto lexislativo 3/2004, de 5 de marzo.